

Programa pormenorizado:
“ I Xornadas Internacionais con Iván Salgado ”

<p>15 de Xuño <i>Venres</i></p> <p>15 de Xuño <i>Venres</i></p>	<p>12.00 horas: (Sede: Salón de actos “Casa do Chocolate” da Xunta de Galicia)</p> <p>Posta en Marcha e presentación aos medios informativos das Xornadas, coa presenza de Iván Salgado, Marta Míguez (Secretaría Xeral para o Deporte), Mario Guede, (Concellerío de Deportes de Ourense), María Sol Díaz, (Delegada Provincial da Xunta de Galicia en Ourense), Jesús Vázquez (Alcalde de Ourense), Gaspar Pérez (Presidente FEGAXA), Elías José González (Presidente do Club Xadrez Ourense), colaboradores, organización, e os 3 medallistas Nacionais Ourensáns da actualidade, (Yudania Hernández: Bronce Nacional feminino, Xacobe Conde: Prata nacional alevín e Martín Gómez: Bronce nacional Infantil)</p> <p>17:00 horas: (Sede: “La Molinera” do Concello de Ourense)</p> <p>Conferencia do Campión de España de Xadrez, Iván Salgado: “A progresión dun deportista, Campión de España desde Alevín a Senior”</p> <p>Aproximadamente 50/55 prazas con invitación, que incluírá dereito a preguntas dos asistentes, sinatura de autógrafos, fotos co campión de España e finalmente un sorteo entre todos os asistentes a disputar unha partida de xadrez “relámpago” cronometrada, con Iván Salgado e un dos espectadores (Presenza da T.V. e medios gráficos)</p>
<p>16 de Xuño <i>Sábado</i></p> <p>16 de Xuño <i>Sábado</i></p>	<p>12.00 horas: (Sede: “La Molinera” do Concello de Ourense)</p> <p>Exhibición de Xadrez Simultáneo de Iván Salgado ante unha selección de 15 xadrecistas de Galicia experimentados. Tamén e paralelamente realizarán exhibición de xadrez simultáneo os outros 3 medallistas nacionais do Club XadrezOurens, (Yudania Hernández, Martín Gómez e Xacobe Conde). Será necesaria invitación. Previsión de 60/ 70 participantes, (ademais de xuíces, organización, asistentes, familiares, etc...)</p> <p>17:00 horas: (Sede: Salón de actos “Casa do Chocolate” Xunta de Galicia)</p> <p>Encontro Internacional: “Selección Galega vs. Selección de Portugal”</p> <p>Encontro Internacional entre a Selección de Galicia (Comandada por Iván Salgado), ante a Selección de Portugal, xogaranse tres matches amistosos por modalidades (lenta, rápida e relámpago). Ambos conxuntos estarán compostos por 6 xadrecistas titulares en cada modalidade, e presentarán obrigatoriamente nas súas ringleiras a unha muller, a un xogador en idade xuvenil (Sub-18), e a un xogador en idade cadete (Sub-16).</p> <p>(Con presentación e saque de Honra a cargo das autoridades presentes e soarán os Himnos de ambas selección)</p> <p><i>*Ao longo da tarde realizaranse concursos e sorteáranse numerosos premios entre o público asistente, (entrada libre).</i></p>
<p>17 de Xuño <i>Domingo</i></p> <p>17 de Xuño <i>Domingo</i></p>	<p>11.00 horas: (Sede: Sala de competicións de Xadrez de Barrocás)</p> <p>“Torneo Individual de Xadrez relámpago de Exhibición”</p> <p>(O torneo contará coa presenza do Campión de España o G.M. Iván Salgado, tamén coa presenza dos compoñentes de ambas seleccións internacionais, cos 4 medallistas Nacionais do Club Xadrez Ourense, e coa presenza “en aberto” de un cupo que complete ata 50 xadrecistas por orde de inscrición).</p> <p>Ver as bases completas do torneo, forma de inscrición e premios en www.xadrezourense.com (información previa no correo electrónico: traxerxadrez@hotmail.com)</p> <p>13:30 horas: (Sede: Sala de competicións de Xadrez de Barrocás)</p> <p>Entrega de premios aos gañadores do vistoso torneo de “Exhibición de Xadrez Relámpago”, e posterior Clausura das Xornadas Internacionais coa presenza dos destacados de Iván Salgado, dos representantes da Secretaría Xeral para o Deporte e do Concello de Ourense, entre outras autoridades e colaboradores.</p>